



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA E AS UNIVERSIDADES DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E VIGO PARA O COFINANCIAMENTO DO SUBPROGRAMA RAMON Y CAJAL (convocatoria MEC 2014).

Santiago de Compostela, 12 de agosto de 2016.

REUNIDOS:

Dunha parte o Sr. Román Rodríguez González, conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (en diante CONSELLERÍA), nomeado mediante o Decreto 15/2015, do 9 de febreiro (DOG núm. 27, do 10 de febreiro), de acordo co disposto no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia e no acordo do Consello da Xunta de Galicia do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, publicado pola Resolución da Consellería de Economía e Facenda do 8 de abril de 1991 (DOG núm. 82, do 30 de abril).

Doutra parte o Sr. Juan Manuel Viaño Rey, reitor magnífico da Universidade de Santiago de Compostela (en adiante USC), en representación desta, en virtude das facultades que lle confire o artigo 20.1 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades.

Doutra parte o Sr. Salustiano Mato de la Iglesia, reitor magnífico da Universidade de Vigo (en adiante UVIGO), en representación desta, en virtude das facultades que lle confire o artigo 20.1 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades (en diante LOU) .

EXPOÑEN:

PRIMEIRO.- Que a USC e a UVIGO son entidades de dereito público que, xunto coa misión docente, realizan actividades de investigación e desenvolvemento científico e tecnolóxico, o que as configura coma os principais axentes xeradores de coñecemento en Galicia.

SEGUNDO.- Que a Secretaria Xeral de Universidades é o órgano superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia para a ordenación, planificación e execución das competencias en materia de universidades e ensinanza universitarias correspondentes á CONSELLERÍA, de acordo co Decreto 4/2013, do 10 de



xaneiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (DOG núm. 13, do 18 de xaneiro).

Nese marco, correspóndelle velar pola promoción e xestión eficiente e integradora dos recursos e capacidades de investigación do Sistema universitario de Galicia (en adiante **SUG**) para a súa vertebración e posta en valor no marco do Sistema de innovación e, singularmente, a promoción das universidades galegas no establecemento de programas, infraestruturas e actuacións en materia de investigación.

Esta función atribuída concrétese na atención á estrutura de investigación das universidades galegas e, particularmente, á consideración das tarefas de investigación que desenvolve o persoal do **SUG**.

TERCEIRO.- Que a LOU establece, nos seus artigos 33 e 40, que tanto a docencia como a investigación son dereitos e deberes do persoal docente e investigador das universidades. Avanzando nesta liña a dita lei, no seu artigo 40.3 (modificado pola Lei orgánica 4/2007, do 12 abril), sinala que “a universidade facilitará a compatibilidade no exercicio da docencia e a investigación, e incentivará o desenvolvemento dunha traxectoria profesional que permita unha dedicación máis intensa á actividade docente ou á investigadora”.

Nos últimos anos, boa parte das universidades do estado español están a implementar medidas que tenden a recoñecer a actividade investigadora dentro da dedicación ordinaria do persoal docente e investigador.

CUARTO.- Que a captación, formación e retención de talento supón unha área estratéxica do Goberno galego co fin de atraer e desenvolver os recursos humanos especialmente capacitados para os procesos de xeración de coñecemento, definindo unha carreira profesional que posibilita a formación e fomento da excelencia científica no sistema galego de I+D+I.

A captación do mellor talento científico e innovador é esencial para fortalecer o Sistema público de investigación galego, por iso a CONSELLERÍA promove o Programa de captación de talento, incentivando e apoiando a presentación aos programas máis competitivos das mellores candidaturas sen que o seu éxito comporte unha carga orzamentaria para a universidade, centro de investigación universitario ou grupo. Tendo ademais en conta que o éxito nestes programas, máis aló do retorno científico e económico que o/a investigador/a produza, supón un indicador de calidade para o organismo no que se incorpore e para o conxunto do sistema galego de I+D+i.



QUINTO.- Que a Administración Xeral do Estado conta con programas cunha acreditada traxectoria como instrumentos de promoción da ciencia e a investigación e que son altamente competitivos para (entre outros obxectivos de formación e mobilidade xeográfica) incentivar a contratación de doutores/as e tecnólogos/as en organismos de investigación.

No marco da liña instrumental de actuación en recursos humanos do Plan estatal de investigación científica-técnica e de innovación 2013-2016 aprobado polo Acordo do Consello de Ministros na súa xuntanza do 1 de febreiro de 2013, na Orde ECC/1402/2013, do 22 de xullo, modificada pola Orde ECC/1820/2014, do 26 de setembro, apróbanse as bases reguladoras para a concesión de axudas no marco do Programa estatal de promoción do talento e a súa empleabilidade do Plan estatal de investigación científica-técnica e de innovación 2013-2016 (BOE núm. 176, do 24 de xullo). Destacar que o dito Plan ten o carácter de Plan estratéxico ao que se refire a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Por Resolución do 1 de decembro de 2014, da Secretaría de Estado de Investigación, Desenvolvemento e Innovación, apróbase a convocatoria, correspondente ao ano 2014, de diversas actuacións contempladas no Subprograma estatal de formación e no Subprograma estatal de incorporación, do Programa estatal de promoción do talento e a súa empleabilidade, no marco do Plan estatal de investigación científica-técnica e de innovación 2013-2016 (BOE núm. 294, do 5 de decembro).

O obxectivo do Programa estatal de promoción do talento e a súa empleabilidade é financiar e incentivar, mediante convocatorias en concorrencia competitiva, a formación e especialización dos recursos humanos de I+D+I e impulsar a súa inserción laboral, tanto no sector público como privado, así como facilitar a mobilidade internacional e a mobilidade dentro do sector público. O Programa estatal de promoción do talento e a súa empleabilidade está integrado por tres Subprograma estatais: Formación, Incorporación e Mobilidade.

Na referida Resolución do 1 de decembro 2014 e no ámbito do Subprograma estatal de incorporación, convócanse as axudas para contratos Ramón y Casal (en diante, axudas RyC).

O obxectivo das axudas RyC é promover a incorporación de persoal investigador nacional e estranxeiro cunha traxectoria destacada en centros de I+D mediante a súa contratación laboral. Nas disposicións específicas das axudas RyC, entre outras, figuran as seguintes características:

- Unha duración de cinco anos (dende a data da incorporación do persoal investigador ao seu posto de traballo no centro contratante).



- O importe da axuda anual para cada un dos contratos será de 33.720 euros, destinada necesariamente a cofinanciar o salario e a cota empresarial da seguridade social do persoal investigador contratado durante cada unha das anualidades.
- A retribución mínima que deberá recibir o persoal investigador contratado, que se deberá indicar en cada contrato, será de 31.600 euros brutos anuais.
- O centro de I+D debe asumir o custo da contratación que exceda da axuda concedida así como calquera incremento retributivo correspondente a anos posteriores do persoal investigador contratado, incrementos da cota empresarial da seguridade social ou calquera outra incidencia.

Por resolucións do 6 de outubro, 13 de novembro e 2 de decembro de 2015 da Secretaría de Estado de Investigación, Desenvolvemento e Innovación do Ministerio de Economía e Competitividade, concédense, entre outras, a USC e á UVIGO axudas RyC para a contratación laboral do persoal seleccionado. As ditas resolucións están publicadas na sede electrónica do Ministerio de Economía e Competitividade (<https://sede.micinn.gob.es>).

Polo anteriormente exposto, a CONSELLERÍA, a USC e a UVIGO coinciden na necesidade de incentivar a actividade investigadora e, consecuentemente, acordan subscribir o presente convenio, que se rexerá polas seguintes

CLÁUSULAS:

PRIMEIRA.- Obxecto.

O obxecto deste convenio é establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a CONSELLERÍA, a USC e a UVIGO, para executar accións destinadas a fomentar a captación do persoal de investigación cunha traxectoria destacada e alto potencial investigador nas universidades galegas. En concreto, trátase de colaborar a CONSELLERÍA no cofinanciamento da achega económica que a USC e a UVIGO necesitan para afrontar o gasto que supón a contratación de persoal investigador no marco das axudas RyC, concedidas polas resolucións do 6 de outubro, 13 de novembro e 2 de decembro de 2015 da Secretaría de Estado de Investigación, Desenvolvemento e Innovación do Ministerio de Economía e Competitividade (convocatoria correspondente



ao ano 2014), no marco do vixente Plan estatal de investigación científica-técnica e de innovación 2013-2016.

SEGUNDA.- Compromiso das partes.

A CONSELLERÍA comprométese a colaborar no cofinanciamento dos gastos asociados á contratación do persoal investigador seleccionado, por un importe total de douscentos vinte e nove mil trescentos sesenta e oito (229.368,00) euros, coa distribución que de seguido se indica:

ANUALIDADES							
UNIV.	Importe 2016	Importe 2017	Importe 2018	Importe 2019	Importe 2020	Importe 2021	TOTAL
TOTAL	36.953,72 €	45.873,60 €	45.873,60 €	45.873,60 €	45.873,60 €	8.919,88 €	229.368,00 €

A subscrición do presente convenio non supón relación laboral contractual ou de calquera outro tipo entre os/as investigadores/as que desenvolvan as actividades e a CONSELLERÍA, de tal xeito que non se lle pode esixir responsabilidade algunha, indirecta nin subsidiaria, polos actos ou feitos acontecidos no seu desenvolvemento.

A USC e a UVIGO, como beneficiarias das subvencións concedidas pola Secretaría de Estado de Investigación, Desenvolvemento e Innovación do Ministerio de Economía e Competividade, contratarán laboralmente aos/as seis (6) candidatos/as seleccionados/as a tempo completo (conforme á táboa resumo que se incorpora de seguido, completada por outra que se incorpora como ANEXO), por unha duración mínima de 5 anos e con suxeición ao resto das condicións da concesión das axudas RyC (incorporación do persoal investigador, execución da axuda, modificación das condicións, xustificación, ...).

TÁBOA RESUMO CONVOCATORIA 2014 PROGRAMA RAMÓN Y CAJAL						
Universidade beneficiaria	CANDIDATO/A SEBECCIONADO/A			CONTRATACIÓN		Total
	Ref. da Secretaría de Estado	Investigador/a	NIF	Inicio	Fin	
USC	15811	T. C., Sulay A.	*****45M	03/11/2015	02/11/2020	38.228,00 €
USC	16584	M. M., Antonio	*****55J	30/10/2015	29/10/2020	38.228,00 €
USC	14984	G. G., Sara	*****39E	01/01/2016	31/12/2020	38.228,00 €
USC	15239	G.G., Carlos Alberto	*****98A	30/03/2016	29/03/2021	38.228,00 €
USC	16779	F. P., Miguel Ángel	*****56Y	01/04/2016	31/03/2021	38.228,00 €
TOTAL USC						191.140,00 €
UVIGO	14999	C. T., José Manuel	*****06B	01/01/2016	31/12/2020	38.228,00 €
TOTAL UVIGO						38.228,00 €
TOTAL SUG						229.368,00€



En concreto, as universidades contratarán ao persoal seleccionado a tempo completo de acordo coa lexislación vixente, incorporando os/as investigadores/as aos centros de investigación en prazo e poñendo a súa disposición as instalacións e medios materiais e formativos necesarios para a realización axeitada do seu traballo.

As universidades asumen o custo das súas respectivas contratacións no que exceda das axudas concedidas, así como posibles incrementos retributivos (ou de cota empresarial da seguridade social) ou calquera outra incidencia. Tamén están obrigadas a comunicar as baixas, renuncias, interrupcións e demais incidencias dos contratos cofinanciados.

TERCEIRA.- Financiamento.

A CONSELLERÍA achegará a cantidade total de douscentos vinte e nove mil trescentos sesenta e oito (229.368,00) euros con cargo á aplicación orzamentaria 10.40.561B.444.0 (código de proxecto 2016-00129), dos orzamentos xerais da Xunta de Galicia para os exercicios 2016, 2017, 2018, 2019, 2020 e 2021, no marco do Plan galego de financiamento universitario.

Dado que os importes destas axudas proceden do Plan galego de financiamento universitario 2016-2020, a anualidade de 2021 integraranse no novo plan de financiamento para os anos seguintes.

Esta cantidade de 229.368,00 euros, trátase dun importe certo, quedando por conta das beneficiarias a diferenza de financiamento necesario para a total execución da actividade subvencionada.

A axuda é compatible con outras concedidas para o mesmo fin; pero, en ningún caso, o importe da subvención achegada pola CONSELLERÍA poderá ser de tal contía que, illada ou en concorrencia con outras subvencións, supere o custo da actividade subvencionada, tal como se establece no artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. De selo caso, deberá reintegrarse o financiamento público polo importe que supere o custo total e real da actividade, segundo o establecido no artigo 21.2 do regulamento da Lei 9/2007, do 8 de xaneiro, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 13 de xuño (DOG núm. 20, do 29 de xaneiro).

De conformidade co artigo 31.7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e co establecido no artigo 11.a) do regulamento da Lei de subvencións de Galicia, a obriga da USC e da UVIGO de presentar a certificación do cumprimento de obrigas coa Administración pública da comunidade autónoma, coa Administración do Estado e coa Seguridade Social substituirase por unha declaración responsable de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á seguridade social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración.

**CUARTA.- Pagamento e xustificación.**

A CONSELLERÍA efectuará o libramento dos fondos coa distribución que de seguido se indica:

ANUALIDADES							
UNIV.	Importe 2016	Importe 2017	Importe 2018	Importe 2019	Importe 2020	Importe 2021	TOTAL
USC	30.582,39 €	38.228,00 €	38.228,00 €	38.228,00 €	38.228,00 €	7.645,61 €	191.140,00 €
UVIGO	6.371,33 €	7.645,60 €	7.645,60 €	7.645,60 €	7.645,60 €	1.274,27 €	38.228,00 €
TOTAL	36.953,72 €	45.873,60 €	45.873,60 €	45.873,60 €	45.873,60 €	8.919,88 €	229.368,00 €

En cada anualidade os correspondentes importes do cofinanciamento faranse efectivos contra a presentación por cada universidade dunha memoria na que se dea conta do destino da achega e dunha certificación expedida polo órgano de control correspondente de cada universidade na que se da toma de razón en contabilidade da achega, especificando o cumprimento da finalidade do presente convenio e que os fondos foron destinados a este fin (singularmente, acreditación da contratación e permanencia nos postos de traballo obxecto da axuda RyC).

Con data límite de 20 de decembro presentarase a certificación expresiva da realización do gasto e do pagamento durante ese exercicio con indicación expresa da achega efectiva do ministerio para o período xustificado. Os pagamentos correspondentes ás nóminas e a seguridade social dos meses de novembro e decembro de cada anualidade presentaranse como xustificante de gasto da anualidade seguinte.

Tamén deberán presentar a declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas para este fin (tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución) e a declaración responsable de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e de seguridade social e de non ter débedas coas administracións.

QUINTA.- Vixencia.

O presente convenio entrará en vigor na data da súa sinatura, sen prexuízo de que poidan atender accións realizadas desde o 1 de xaneiro de 2016 e terá vixencia ata o 31 de decembro de 2021.

SEXTA.- Publicidade e transparencia

Segundo a disposición adicional do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de



decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, a USC e a UVIGO consenten expresamente para que a Administración autonómica inclúa e faga públicos, nos rexistros regulados neste decreto, os datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como ás sancións impostas.

A reserva que puidera facer a USC e a UVIGO no sentido de non autorizar a obtención dos datos ou a publicidade destes nos rexistros, que en todo caso terá que expresarse, poderá dar lugar á exclusión do proceso de participación para obter a axuda ou á revogación do acto de outorgamento.

De acordo co disposto no artigo 3.1.1 do Marco comunitario de axudas estatais de investigación e desenvolvemento e innovación (2006/C 323/01), non se aplica o establecido no artigo 107.1 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea e, polo tanto, non terá a condición de axudas de estado as axudas previstas neste convenio por outorgarse a organismos de investigación para actividades non económicas.

A subvención estará sometida á función interventora e de control financeiro exercida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, nos termos que establece a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Así mesmo, estarán sometidas ás actuacións de comprobación e previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

En aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e de acordo co indicado na actual redacción do artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a información correspondente ao presente convenio publicarase na Base de Datos Nacional de Subvencións. Ademais, o convenio incluírase nun rexistro de convenios público e accesible e referenciarase no Diario Oficial de Galicia, todo iso de conformidade co establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

As partes asinantes do presente convenio manifestan o seu consentimento ou autorizan para que os seus datos persoais que constan no convenio, e mailo resto das especificacións contidas no mesmo, podan ser publicados no Portal da transparencia e Goberno aberto.

SÉTIMA.- Comisión de seguimento.

Para velar polo cumprimento do estipulado, constituirase unha comisión de seguimento da execución do convenio, que se reunirá a petición dunha das partes, constituída do seguinte xeito:



- Pola CONSELLERÍA, o/a secretario/a xeral de Universidades, ou persoa en quen delegue.
- Pola USC, o/a reitor/a da Universidade de Santiago de Compostela, ou persoa en quen delegue.
- Pola UVIGO, o/a reitor/a da Universidade de Vigo, ou persoa en quen delegue.

Actuará como secretario/a da comisión o/a xefe/a de servizo de Planificación e Estruturación da Investigación, axustándose ao réxime xurídico desta ás normas previstas nos artigos 22 e seguintes da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

A dita comisión actuará como órgano de vixilancia, seguimento e control do establecido neste convenio, e promoverá, se o considera conveniente, outras actuacións que poidan enriquecer o seu desenvolvemento. Non obstante, todas aquelas cuestións que se susciten en relación co outorgamento, cumprimento, xustificación e pagamento, así como o reintegro e determinación das posibles responsabilidades relativas ás subvencións concedidas, serán resoltas pola CONSELLERÍA.

OITAVA.- Resolución.

Será causa de resolución do presente convenio de colaboración o incumprimento de calquera das cláusulas deste.

Este convenio tamén poderá extinguirse por acordo mutuo e voluntario das partes, por desestimento dalgunha ou por denuncia deste por incumprimento dalgunha delas, o que se comunicará fidedignamente, previa audiencia e con, polo menos, un mes de antelación.

En calquera destes casos procederase á revogación da axuda, así coma ao reintegro total ou parcial das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de mora nos casos previstos nos artigos 32, 33 e 40 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

NOVENA.- Natureza xurídica.

De acordo co establecido no artigo 36 do regulamento da Lei de subvencións de Galicia, neste convenio concorren razóns que non fan necesaria a convocatoria pública da axuda, xa que a totalidade do persoal investigador contratado está polas universidades do SUG que participaron na convocatoria pública correspondente á axuda RyC 2014 para a concesión de subvencións en réxime de concorrencia competitiva.

A actuación "Ramón y Cajal" é un instrumento de arraigo dentro das políticas de incorporación dos recursos humanos ao sistema de I+D+i, que pode ser utilizado para a




execución de actuacións que as comunidades autónomas adopten en base aos seus propios programas específicos, atendendo ao cumprimento dos obxectivos establecidos na Estratexia española de ciencia-tecnoloxía e de innovación con relación á articulación que debe de existir entre o programa estatal e os programas rexionais. Estas circunstancias xustifican a posibilidade de conveniar coas dúas universidades para esta finalidade.

Este convenio de colaboración ten a natureza dos previstos no artigo 4.1c) do Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público, e se realiza ao abeiro do establecido no artigo 6.1 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, rexéndose polo establecido nas cláusulas deste e, no seu defecto, pola normativa xeral en materia de contratos das administracións públicas e polo establecido na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no seu Regulamento, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

O presente convenio réxese en canto a súa interpretación e desenvolvemento polo ordenamento xurídico administrativo, con expresa submisión das partes á xurisdición contencioso-administrativa, nos termos que se establece no artigo 8.3 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Lido por todas as partes, por se mesmas, e como proba de conformidade co expresado no presente convenio, asínano e rubrícano por cuaduplicado, no mesmo lugar e data que se indica ao comezo.

O conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria  Román Rodríguez González	O reitor da USC  Juan Manuel Viaño Rey	O reitor da UVIGO  Salustiano Mato de la Iglesia
---	---	---